

V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL MATEMÁTICA

CENTROS DE SALVATERRA DE MIÑO – CURSO 2017-2018

BASES

1) QUEN PODE PARTICIPAR? Alumnado do centro de calquera curso ou dos centros adscritos.

2) TEMA: O tema das fotografías ten que estar relacionado co mundo das matemáticas nas súas múltiples manifestacións (figuras xeométricas, mosaicos, simetrías, estatística, azar, etc.).

3) Cada participante poderá presentar un máximo de 2 fotografías.

4) PARTICIPACIÓN e PRESENTACIÓN: A forma de presentación das fotos farase enviando un correo electrónico á dirección: **matessalvatererra@gmail.com**. Dito correo debe conter o seguinte:

- i. Os datos do autor/a (nome e apelidos, curso).
- ii. **Un título para a fotografía enviada así como unha breve descrición ou comentario da mesma. Este título debe reflectir a propiedade, aplicación, visión.... Matemática que o alumn@ ve na foto.**
- iii. Un arquivo adxunto que contén a foto, en formato dixital jpg cun tamaño máximo de 5Mb.

5) PRAZO: O prazo de presentación é dende o 5 de Febreiro ata o 4 de Maio, inclusive.

6) XURADO: Composto polos membros do Departamento de Matemáticas.

7) **Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título**, a calidade plástica e técnica da imaxe, o seu contido matemático e a explicación dada.

8) Nesta edición vaise incluír un premio especial para a mellor fotografía matemática relacionada coa temática dos montes.

9) PREMIOS: Establécense 3 premios:

1º PREMIO: Un bono para material escolar dunha contía de 50€.

2º PREMIO: Un bono para material escolar dunha contía de 30€.

3º PREMIO*: Un bono para material escolar dunha contía de 20€.

*Para a valoración do 3º premio, terase en conta preferentemente as fotografías relacionadas coa temática dos montes.

Asemade, a fotografía gañadora será a que forme parte do cartel do vindeiro concurso.

10) Algún ou todos os premios poderían quedar baleiros se o xurado así o estimara.

11) Un mesmo alumno/a non poderá acumular máis dun premio.

12) USO DAS IMAXES: O Departamento de Matemáticas resérvase o dereito a empregar as fotografías presentadas para usos didácticos, así como a súa divulgación a través da páxina web

do instituto, ou de calquera outro medio que estime oportuno.

13) **AUTORÍA DAS IMAXES:** As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escaneadas por ningún tipo de medio gráfico. O Departamento comprobará minuciosamente a autoría de todas as fotos premiadas esixindo ao alumno/a que demostre a autoría da mesma. Non se acepta tampouco, ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido.

14) A participación no concurso implica a aceptación das bases expostas.

A continuación amósanse as fotos premiadas co 2º e 3º premio do IV concurso (curso 16-17):

